

DOCUMENTO PARA O DEBATE E A REFLEXIÓN QUE DENDE O GRUPO DE COORDINACIÓN DO VAL MIÑOR SOMETEMOS Á CONSIDERACIÓN DA MILITANCIA MIÑORANA DE ANOVA-IN.

Que pasou aquí?

Volver a vista atrás para ver o camiño percorrido as veces é necesario para comprobar se nos temos perdido, ou non, e mesmo para asegurármonos se imos alí a onde queremos chegar.

Por iso cómpre recuperar os documentos que hai dous anos aprobabamos e que lembraredes que daquela titulabamos “Estamos en construción”, cando nos constituíamos como Asemblea do Val Miñor-Oia por un Novo Proxecto Común e amosábamos a nosa disposición a participar “dende xa, achegando o noso grao de area, ao proceso encetado en múltiples comarcas do País para a construción dunha ferramenta política útil e necesaria para Galicia e as clases populares”. Diciamos daquela:

- ✓ Consideramos que os principios inspiradores do nacionalismo galego contemporáneo, expresión política do galeguismo, na medida en que recollen obxectivos estratéxicos non acadados, están máis vixentes que nunca, mais que hoxe deben ser interpretados baixo o prisma dun cambio de sistema e das ideas alternativas...
- ✓ Consideramos que as mudanzas na estrutura social galega nas derradeiras décadas esíxenos que, dende a pluralidade, sexamos quen de acoller as diversas lecturas do proxecto común de liberación nacional e social.
- ✓ Consideramos que a conquista da soberanía política de Galicia segue a ser un obxectivo estratéxico que hoxe ten que incorporar novas concepcións da soberanía ...
- ✓ Consideramos que a loita polos dereitos nacionais de Galicia e por un modelo social ao servizo dos intereses populares é a nosa achega á loita mundial...
- ✓ Considerámonos dentro da tradición política e cultural dunha esquerda inclusiva...

Con aquelas ideas participamos colectivamente na creación de Anova para reformular e rexenerar o nacionalismo do S. XXI, para iniciar un concerto plural de moitas voces, para impulsar un proxecto galeguista de esquerdas afastado tanto do modelo partido- frente de masas como do partido de cadros ou de ilusorias pulsións centristas. O proceso precipitouse pola a inminencia das autonómicas, e a dinámica das asembleas territoriais viuse mediatizada pola urxencia dunhas negociacións que buscaban poñer algo arriba do escenario político, o que supuxo deixar fóra a sectores que nos tiñan que ter acompañado. Esa precipitación quedou patente na Asemblea Constituínte de Anova na que a presión dos grupos internos organizados polo control da organización foi evidente. A proposta de Frente Ampla para as autonómicas serviu, aparentemente, para suavizar a competencia interna que se amosou de novo á hora de concretar a proposta de alianza electoral coa escena previa do acordo entre a FPG

e EU.

O feliz suceso, en grande medida inesperado, da coalición AGE xerou un entusiasmo que agochou tanto a desconfianza sobre a capacidade de rexeneración do nacionalismo, como o medo escénico a irmos sós ás eleccións, así como as tensas negociacións previas á coalición ou a acertada dirección da campaña electoral, na que mesmo se tiveron que imprimir carteis “ilegais” de X.M. Beiras para colocalos fóra da provincia da Coruña..... por non falar das evidentes limitacións e inexperiencia do grupo parlamentar. O éxito electoral espertou a ilusión AGE e os 200.000 votos alimentaron a teoría de que o que estaba en xogo non era a hexemonía do nacionalismo e da esquerda na sociedade galega, senón a hexemonía de AGE dentro do nacionalismo e da esquerda en Galicia, que prendeu nuns casos polas ansias de vinganza histórica da FPG, e mesmo persoal, e noutros por apresuradas ambicións persoais. Estas tensións estouraron de cheo na 1a AN na que se plasmou unha disputa aberta polo control de Anova. Da asemblea saímos con solucións falsas: Beiras continuaba como PN (pero coas atribucións dun secretario xeral) e a política de alianzas, aparentemente consensuada, cunha fractura evidente que se viu á hora de escoller a CN por medio dun sistema perverso como foi o das chamadas listas abertas capadas que a deixaba ANOVA irremediabilmente partida en dous anacos. A proposta para as europeas de Fronte Ampla en dous chanzos: o galego e o estatal, foi aprobada por unanimidade e recibida polos sectores aludidos con grande expectativa. Mais, a pesares dos esforzos e dedicacións, pronto se viu que esgazar Anova era a pretensión das dúas organizacións políticas ás que o noso chamado se dirixía. Por unha banda un sector maioritario do BNG poñía como condición previa a exclusión de EU e pola outra esta negábase a reeditar AGE ao considerar que IU era o seu proxecto estratéxico e xa que logo o que estaban dispostos era a incorporar o “espazo AGE” á lista de IU. A outra opción era manter a independencia de Anova e con ela a posibilidade de alianzas, a día de hoxe aínda ampliáveis, con Compromís-Equo, Podemos, a CHA, ou o Partido X, etc.

Anova na encrucillada.

Nos meses de traballo para concretar a Fronte Ampla nos dous chanzos fóronse detectando determinados movementos como por exemplo, o reiterado adiamento do emprazamento público a BNG e EU, decidido na Permanente de Anova, ou as filtracións a través das redes sociais de que IU reservaría o 5o posto da súa lista para Anova, nun escenario perfectamente calculado e tensado pola dimisión do responsable de coordinación acompañada aos poucos días por outras cinco persoas “solidarias” tamén integrantes da Permanente Nacional.

Mentres dos ires e vires dos contactos no chanzo estatal o responsable de relacións políticas mantiña informado tanto ao PN como á permanente ou a CN, ao mesmo tempo o debate sobre o xeito de tomar a decisión (de con quen ir) ía poñendo de manifesto as posicións existentes. Foi a maioría da Permanente quen sacou adiante o método do referendo mentres os que defendían a toma de decisión nunha Conferencia Política (2 de febreiro) tiveron que aceptar que esta fose só para aprobar o programa, aspecto que debía carecer de importancia para eles xa que a devandita conferencia foi

boicoteada por este sector. O método e a data do referendo aprobouse definitivamente na CN do 15 de febreiro.

Como as perspectivas para cumprir o “acordado” en Madrid con IU non debían ser tan nidas, tivo que vir a Santiago o secretario de organización de IU (Miguel Reneses) a falar co PN. O resultado desa visita foi que dous días antes da data do referendo (23 de febreiro) o PN pronunciouse ante a afiliación da Anova cunha carta (21 FEB; ás 11:30 h FILTRACIÓN A EL Diario. es e a EUROPA PRES e ás 17:07 h COMUNICACIÓN AOS MILITANTES) na que se decantaba pola opción no1, que ao final sería a gañadora por 11 votos de diferenza. Rompía así, na consideración de moitas persoas de Anova, cunha neutralidade á que para algúns o obrigaba o apoio unánime que acadara na 1a AN en contraste coa evidente fractura manifestada na elección da CN. Estaba no seu dereito como afiliado, mais é discutible que o estivese como PN.

O día do referendo o PN fala de empate técnico e Martiño Noriega móstrase disposto a “xestionar” o resultado. Por razóns obvias, ao día seguinte os dez integrantes da Permanente que defenderan a opción 2 presentan a dimisión irrevogable. Faltoulle tempo a IU para confirmar a reserva do 5o posto na súa lista para o “espazo AGE” como proba evidente do pactado en Madrid de costas á dirección de ANOVA e sobre todo da militancia.

Case un mes despois seguimos sen coñecer os termos do acordo polo cal IU nos cede o 5o posto na súa lista, mesmo co custe de graves divisións internas (Izquierda Abierta, rotura do acordo con Podemos, incógnitas sobre CHA, retirada da candidatura de Pisarello, etc), tampouco coñecemos os acordos programáticos, se os houber, e en que medida respectan o programa aprobado na Conferencia Política (o 2 de febreiro) e referendado por ampla maioría (68,84%), e a maiores ignoramos se eses acordos serán ratificados ou non pola CN. A día de hoxe só temos unha resolución da Permanente (15 de marzo) que literalmente di:

A militancia de da ANOVA-IN recibirá información precisa acerca dos termos exactos do acordo con IU no tocante ao número de membros da candidatura galega, aos seus postos na lista e aos acordos programáticos. Esta información difundirase antes da data do Referendo Interno. O proceso electoral interno de escolla de representantes da ANOVA-IN ten como obxectivo primordial elixir a cabeceira da Candidatura Galega da que ANOVA-IN é participe, así como tamén dunha segunda persoa da ANOVA-IN para a mesma candidatura que concorrerá ás Eleccións Europeas 2014 ,en coalición coa esquerda federal"

Que acordo, quen acordou e en nome de quen ? Este “estilo de facer” veu precedido pola decisión sobre a persoa que ocuparía ese 5o posto. O 3 de marzo filtrase o nome de Lidia Senra e dous días despois o PN en rolda de prensa confirma e apoia a proposta que pretende que fose referendada pola CN o día 8 de marzo. Semellante despropósito tivo que frearse nesa CN na que se deu conta da dimisión das dez persoas da Permanente nomeando unha nova na que figuran as persoas que dimitiran o 20 de decembro, e que segundo a información recibida dende a área de organización de Anova: “O portavoz nacional fai unha proposta de nova permanente que sae aprobada por 44 votos a favor, 0 votos en contra e 0 abstencións”, ocultando o feito relevante que 44 persoas presentes na CN non participaron na votación, e que 10 de 17 son da área de Compostela. Nesa mesma CN e a proposta das 10 persoas dimisionarias da permanente, aprobouse o método que xa coñecedes para a

designación dos candidat@s que integrarán a lista de IU, que por certo aínda seguimos sen saber cantos postos nos dá IU na mesma.

O PN insistiu en que o resultado era un empate técnico e que non se podía considerar unha perda de confianza na permanente dimitida. Mais, como é evidente, nun referendo non hai empates técnicos e que efectivamente non se tratou dunha retirada da confianza, senón que o resultado do referendo supón un xiro estratéxico e ideolóxico de ANOVA substanciado tanto na carta enviada polo PN coma no documento “Queremos AGE” que defendían a opción 1. Por iso temos que concluir que a día de hoxe Anova xa non é a organización política que humildemente axudamos a construír dende o Val Miñor hai tres anos.

O que acordou a maioría da afiliación, por certo nun exemplar proceso de democracia participativa así como de eficacia na súa xestión, foi concorrer na candidatura do IU coa xustificación política e nos termos dos documentos antes citados o cal supón, na nosa opinión, o abandono dos principios e do modelo organizativo dos que se dotou ANOVA-IN, e o que é máis grave, afastándose do espazo nacionalista galego deixándoo en exclusiva nas mans dunha interpretación fosilizada do mesmo.

Consideramos que reproducir en Galiza o modelo da Iniciativa per Catalunya estaría ben para que EU, ou o PSdeG, cumprisen cos mínimos federalistas que predicen e non practican, pero non son abondo para unha forza política que se define como autoorganizada para loitar pola “autodeterminación camiño da independencia”.

Estamos, é ben certo, en tempos de “emerxencia social” pero tamén son tempos de “emerxencia nacional”, o país vaise entre as mans como a area, un “etnocidio”, polo que primar a cuestión social sobre a nacional, como afirma o PN na súa carta, é como mínimo un erro de vulto.

Dende o século XIX o galeguismo, nas súas diversas formulacións, foi sempre progresista, agás casos persoais ou de escaso percorrido, e sí o foi tamén o nacionalismo galeguista contemporáneo. Nunca houbo un nacionalismo conservador e non por ausencia de tentativas ou por incapacidade xenética, senón por non responder á estrutura social galega xa que as elites do País preferiron sempre a protección do estado central renunciando ao exercicio das máis mínimas cotas de soberanía política. Só o nacionalismo organizado foi quen de obrígalas a disimular, tanto nos tempos da II República coma no réxime actual. Cando o nacionalismo organizado perde, ou ve reducida a súa presenza social, os sipaios abrollan polas esquinas como ocorre coa Galicia feijoniana.

Por iso comezamos este escrito lembrando algúns parágrafos do documento do NPC do Val Miñor. Nacionalismo é esquerda. Mesmo dubidamos que se poida falar de esquerda cando non se asumen plenamente os dereitos políticos e sociais da nación que, por certo, non se reducen a unha mera cuestión “identitaria”. O problema de Galicia non é que teña unha identidade feble senón que non ten a forza política suficiente para configurarse como suxeito político de pleno dereito. Cando se fala de facer políticas transfronteirizas cómpre manter viva a distinción entre o que é acumulación de forzas e o que é abandono do proxecto nacional, e ás veces ocorre que algunhas decisións supoñen non achegarse á fronteira senón diluírse noutros territorios. Argüír estes disimulos é tan limitado como o utilitarista

argumento de ter un eurodeputado, por non falar do fetichismo da unidade interesada da esquerda que abrolla só cando hai eleccións á vista pero que nada se fai por construíla na acción política diaria, na confluencia organizativa, ou en coincidencias programáticas....

Moitas persoas tiñamos postas as nosas esperanzas nese punto de encontro entre a esquerda democrática e o galeguismo nacionalista que podía representar a existencia dunha ANOVA-IN forte e consolidada no País, tanto como garante da continuidade parlamentar de AGE, como da implantación dunha cultura de Fronte Ampla imprescindible para a creba democrática do réxime herdeiro da transición franquista e a conquista dos dereitos nacionais e sociais da nación e do pobo galegos. Agora todo iso cambiou sendo o futuro de ANOVA e a súa independencia como organización política incertos.

O futuro

Dende o Grupo de Coordinación de ANOVA da comarca do Val Miñor consideramos urxente abrir o debate e iniciar unha reflexión conxunta sobre a situación xerada en Anova despois do referendo do 23-F, e en xeral sobre a situación da esquerda nacionalista en Galicia. Levará o seu tempo tomar unha decisión ao respecto, pero ese debate xa non se pode adiar máis.

Dende o Grupo de Coordinación da Comarca do Val Miñor valoramos dúas posibilidades, compatibles ámbalas dúas:

1a.- Recuperar o Novo Proxecto Común do Val Miñor-Oia nacido no 2011 co obxecto de acoller nel a aquelas persoas que están a abandonar ANOVA polo seu desacordo coa actual deriva e tamén para integrar ás que non se incorporaron no seu momento, ou aquelas outras que simpatizando aínda non están organizadas e, obviamente, sumando as persoas afiliadas que decidan seguir, polo de agora, en ANOVA.

2a.- Reflexionar conxuntamente (tanto a nivel comarcal como nacional) coas persoas que apoiaron a opción no 2 sobre o futuro da nosa organización, e se for o caso tomar unha decisión colectiva sobre a nosa continuidade en ANOVA-IN.

En resumo:

1o.- A organización que axudamos a criar dende o Val Miñor (naceu aquí) afastouse dos principios que a inspiraron. Esa organización política que nacía para recompoñer o espazo nacionalista e de esquerdas en Galicia, e para ser o seu referente no S. XXI baixo os principios do assemblearismo, feminismo (só hai que ver a nova permanente), defensa do medio ambiente, cultura republicana e de fraternidade, liderados compartidos, etc, etc, converteuse nun aparato sometido a vontade do líder e ao servizo das ambicións persoais de líderes menores sen discurso político.

2o.- Despois do referendo do 23-F e cuxo resultado (a opción1) está sustentado politicamente na carta de X.M.Beiras e no manifesto “Queremos AGE”, ANOVA-IN deu un xiro de 180º poñéndose fóra do campo nacionalista e converténdose nun apéndice da esquerda federal (IU) que imporá a nosa folla de ruta. ANOVA corre o perigo de diluírse aos poucos en AGE para rematar sendo unha marca electoral sen contido político e presenza pública.

3o.- O falso discurso (fai o que digo e non que o fago) sobre os liderados compartidos a horizontalidade, a unidade da esquerda para a creba democrática, etc, deu como resultado trocar o patrimonio humano e político de ANOVA a cambio do 5º posto na lista de IU. Olo, non imos con IU, senón que imos en IU. A militancia de ANOVA debe saber que todo foi acordado e pactado en Madrid as súas costas, sen que saibamos nada do programa pactado e dubidamos que alguén se digne a explicarnos o acordado.

4o.- Non serven como desculpas nin a falla de tempo nin o vello fetiche da unión da esquerda pola situación de emerxencia social. Unha porque houbo tempo abondo, e outra porque a esquerda social e crítica co sistema non vai con IU. Para nós a unidade da esquerda faise na rúa todo o ano e non nunha lista electoral cada catro.

5o.- Toca esixir explicacións aos responsables deste xiro estratéxico en ANOVA, e sobre todo, toca reflexionar colectivamente no Val Miñor e no resto do País sobre que facer á vista desta nova situación. Se continuar en ANOVA ou comezar a construír algo novo afastado das caducas maneiras de control dos vellos PCs agochados nos modelos frontistas dos anos 50 do século pasado.

Saúde e Terra !!!

Val Miñor 16 de marzo de 2014